



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/25	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de xuño de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 18:38 ata as 19:00 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Apróbación da acta da sesión anterior realizada en data 18 de xuño de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 18 de xuño de 2018.

#### Expediente 3071/2018. Solicitud de sinalización

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.J.F.V. na que solicita autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente en rúa Baixada á Praia de Menguíña, nº 34-Aldán.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Sra. F.V. para a instalación de sinal de pasaxe permanente en Baixada á Praia de Menguíña, nº 34-Aldán, de conformidade co informe emitido en data 18.06.2018 pola Policía Local, que é como segue:

*"Por parte da policía non existe inconveniente.*

*A mais, débese pintar unha liña amarela lonxitudinal continua de 3,00 metros na beirarrúa.*

*Faixe constar que dita vía é a EP.1009 Baixada á Praia de Menguíña e correspóndelle a denuncia, vixilancia e control da referida vía á Garda Civil de Tráfico".*

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

#### Expediente 3240/2018. Solicitud de sinalización

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.L.G., na que solicita autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente no lugar de Areamilla, nº 65-Darbo.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Sra. L.G. para a instalación de sinal de pasaxe

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



permanente no lugar de Areamilla, nº 65-Darbo, de conformidade co informe emitido en data 22.06.2018 pola Policía Local.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

#### Expediente 2962/2018. Informe da Policía Local de sinalización en rúa Redondela

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 11.06.2018 pola Policía Local, pola queixa da "Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas", referente á sinalización dunha zona de carga e descarga en rúa Redondela por estar esta ocupada constantemente por vehículos particulares, e no que se indica o seguinte:

*"Que en rúa Redondela existe unha sinalización vertical de prohibido estacionar os días laborais, agás carga e descarga que é de 08:00 a 13:30 e de 17:00 a 21:00 horas.*

*Que a zona de carga e descarga está sinalizada horizontalmente cunha liña amarela en zig - zag.*

*Que non existe inconveniente en que se reforce a sinalización horizontal, repintando o zig - zag amarelo, para dar maior visibilidade á zona de carga e descarga.*

*Que se a zona está ocupada reiteradamente por vehículos particulares, os transportistas que pretendan utilizar a carga e descarga deberán chamar á Policía Local para que se proceda á denuncia e de selo caso á retirada dos vehículos infractores.*

*Daranse, así mesmo, as ordes oportunas, para que a única patrulla policial existente por quenda de traballo, dentro das limitacións de dispoñibilidade existentes, pase mais a miúdo pola zona a comprobar que se cumpra a sinalización existente".*

#### Expediente 3889/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3889/2017.- A S.G.L., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Vilela, nº 45-B-Tirán-Moaña, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para a construción de edificación de 118,91 m<sup>2</sup>., de planta baixa e cerramento nunha parcela sita en lugar de Parada-Coiro, de conformidade co proxecto básico elaborado polos arquitectos "UN+UN ARQUITECTOS CB", en data xuño de 2017 e vistos os informes favorables de Deputación de data 05.10.2017, autorización de Augas de Galicia de data 20.04.2018. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomeamento do



**Concello de Cangas**

director de obras e de execución destas, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a oitenta e oito mil seiscientos dezaseis euros con dous céntimos (88.616,02 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de 11 de maio de 2018 por unha superficie de 12,69 m2.

**Expediente 7484/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7.484/2017.- Outorgar a A.I.H.F., con enderezo na Avda. de Lugo, n° 21-3°A-Cangas, licenza de obras, para no lugar de Cunchido-Darbo, regulado pola ordenanza 9, solo urbano de nucleo rural (URNU), construír unha vivenda unifamiliar de 90,37 m2., de planta baixa; 66,73 m2., de primeiro andar; 13,79 m2., de terrazas; e 49,06 m2., de edificación adxectiva (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado pola arquitecta O.S.A., de data maio 2017 e coas condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 17 de xaneiro de 2018, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento vinte e nove mil cincocentos euros (129.500,00 €).

**Expediente 7428/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7.428/17.- Outorgar a D.H.B. e C.B.C., con enderezo en Outeiro, n° 42-Balea-Darbo, licenza para a construción de unha edificación auxiliar dedicada a garaxe, nunha superficie de 29,10 m2., sita no referido lugar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.B.A., de data novembro de 2017 (referencia catastral X O presuposto de execución material ascende a catro mil cen euros (4.100,00 €).

Formalizarase perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

**Expediente 5898/2017. Licenza urbanística**



**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.898/2017.- Outorgar a D.H.B. e C.B.C., con enderezo en Outeiro de Balea, nº 42-Darbo, licenza de obras para no referido lugar (referencia catastral X), construír un muro de contención de terras de 35,50 ml., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico, J.B.A., de agosto de 2017 e planos modificados de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil trescentos dous euros (7.302,00 €).

Debe darse traslado deste acordo ao inspector de obras e ao arquitecto municipal para que comproben se a obra se axusta á legalidade urbanística.

### **Expediente 3096/2018. Renuncia de licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 21.06.2018 emitido pola xefa de urbanismo, referente á expediente nº 3096/2018 (Expediente de obras nº 19.033.- Licenza nº 18.759), que é como segue:

*"INFORME\_PROPOSTA*

#### *ANTECEDENTES*

*En sesión de data 26 de marzo de 2002 a Xunta de Goberno Local outorga licenza de obras nº 18.759 a 'CONSTRUCCIONES DOCIO SL', para a construción de un edificio composto de soto, semisoto, planta baixa, dous andares altos e aproveitamento baixo cuberta, na Avda. da Coruña, s/n-Cangas.*

*Con data 15 de xuño de 2018, E.D.D., titular do DNI nº X, en nome e representación da mercantil CONSTRUCCIONES DOCIO, SL', con domicilio a efectos de notificacións en rúa Real, nº 59-5ºD-Cangas, presenta escrito de renuncia á licenza nº 18.759.*

*En data 18 de xuño de 2018 o inspector municipal emite o seguinte informe:*

*'Presentado no lugar da Avda. da Coruña, comprobo que as obras de edificación da licenza de obras nº 18.759 do ano 2002, a nome de 'Construcciones Docío SL', non foron iniciadas.'*

#### *CONSIDERACIÓNS LEGAIS*

*1.- Conforme co establecido no artigo 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que recoñece a todo interesado o dereito a desistir da súa solicitude ou renunciar aos seus dereitos cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico e no artigo 94.4 da mesma lei, que establece que: 'A administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia e declarará concluído o procedemento agás que, se presentaran neste terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento', e que só se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fora conveniente sustancial para a súa definición e esclarecemento, recoñécese a facultade da administración de limitar os efectos do desistimento ao interesado e seguir o procedemento (art. 91.3 LPAC), circunstancias que non*



concorren no suposto que se informa.

2.- De conformidade co disposto no artigo 21.1, parágrafo segundo da Lei 39/2015, a presente resolución contén os elementos definidores da concorrencia dos elementos da produción da renuncia, de conformidade co art. 94.

3.- De conformidade cos antecedentes expostos e vistas as atribucións que nesta materia confire no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 6º da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia e 43,44,52, e 53 do Rd 2568/1986, e visto que por Resolución da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, o Sr. alcalde delegou na Xunta de Goberno Local o outorgamento de licenzas, elévase a dito órgano.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e concordante aplicación, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia á licenza urbanística de obra nº 18.759, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de marzo de 2002, formulada por E.D.D., en nome e representación da mercantil 'CONSTRUCCIONES DOCÍO SL', deixando esta sen efecto e declarando concluso o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia, de conformidade co previsto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación dos recursos que sexan procedentes".

#### Expediente 2443/2018. Licenza de primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2443/2018.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 25.805.- LICENZA Nº 24.671.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M.C.A., con enderezo na Avda. Camelias, nº 107-4ºB-Vigo, da vivenda unifamiliar sita en Baixada á Praia de Menduïña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.671 (referencia catastral X), tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 4 de xuño de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 21 de xuño de 2018, sobre o procedemento a seguir.

#### Expediente 582/2018. Licenza de primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 582/2018.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.145.- LICENZA Nº 20.668.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a C.P.L., con enderezo en rúa Nova de



**Concello de Cangas**

Arriba, nº 96- Beluso-Bueu, da vivenda unifamiliar sita no lugar de San Pedro-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.668 (referencia catastral X), e tendo en conta o informe-comprobación emitido polo arquitecto municipal de data 4 de xuño de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 21 de xuño de 2018.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente 2414/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2414/2018.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.911.- LICENZA Nº 21.194.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a L.A.P., con enderezo en rúa Costa, nº 2- porta 1-5ºA- Vigo, para unha vivenda unifamiliar, sita no lugar de Vilanova-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.194 (referencia catastral X) e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 11 de xuño de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 15 de xuño de 2018.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente 3054/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3054/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.N.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Praza Eirado do Costal, nº 15- Cangas, para reforma de cuberta e fachada/medianeira dunha edificación existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de acordo coa documentación técnica redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data xuño de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a vinte e un mil catrocentos cincuenta euros (21.450,00 €).

**Expediente 2655/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2655/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MANUXI CANGAS SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Estrela, nº 1-Cangas, para reparación de terraza en vivenda sita en rúa Estrela, nº 1-Cangas (referencia catastral X), de acordo coa documentación técnica redactada polo arquitecto F.B.P. de data maio de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a tres mil douscentos noventa e



dous euros con oitenta céntimos (3.292,80 €).

**Expediente 689/2017. Infracción urbanística nº 689/2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 18.06.2018, referente a expediente de disciplina urbanística nº 689/2017-6/2017, que di o seguinte:

*"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Serra de Ponente-Darbo, consistentes en reconstrución de dúas columnas.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 5 de xuño de 2017, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.D.G., promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.D.G., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados da que presuntamente é responsable á persoa indicada nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*





*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015 e en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85.*

*CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesma a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.-. Comunicar á instrutora a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.*

#### **Expediente 983/2017. Infracción urbanística nº 7/2016**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 18.06.2018, referente a expediente de disciplina urbanística nº 983/2017-7/2016, que di o seguinte:

*"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Francón-Aldán, consistentes en realizar un movemento de terras con cambio de rasante natural.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 25 de agosto do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, T.R.G.B., propietario.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción*



*urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a T.R.G.B., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G, sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*



Concello de Cangas

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.*

**Expediente 3201/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Este punto retírase da orde do día por falecemento da persoa destinataria do servizo de axuda no fogar.

**Expediente 3197/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a M.C.P.R., con DNI nº X, con expediente nº 36008/01/0002071-20642, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: cincocentos oitenta e un euros con vinte e oito céntimos (581,28 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento sesenta euros con trinta e dous céntimos (160,32 €/mes).

Número de horas: 48 horas mensuais, sendo o máximo de horas actualmente dispoñibles a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a amplialo na totalidade das 70 horas mensuais aprobadas no seu programa de atención individualizada.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de xullo de 2018.

**Expediente 2068/2018. Proposta de ampliación de praza de comedor social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 19.06.2018 do concelleiro de ensino e deportes, para aprobación das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2017/2018, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2017/2018*

*Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de ensino e deportes do Concello de Cangas.*

**PROPÓN:**

*Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria, para o curso 2017-2018.*

**Nº REXISTRO:** 4077

**APELIDOS, NOME DO SOLICITANTE:** J.R.,D.I.

**APELIDOS, NOME USUARIO/USUARIA COMEDOR**

S.J.,F.I.

S.J.,J.A.F.

**CENTRO DOCENTE:** CEIP ESPÍÑEIRA

**PRAZA // DÍAS:** *fixa.*

**BONIFICACIÓN:** *100%.*

**RESOLUCIÓN:** *concedida.*

**MOTIVO:** *emerxencia social.*

*A axuda prevista concédese abarcando as cotas desde setembro ata abril do actual curso escolar, ampliando a anterior proposta de maio e xuño".*

## **Expediente 2249/2018. 2ª Proposta de resolución das axudas do programa "ENREDOS VERÁN 2018"**

### **Favorable**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a 2ª proposta de data 20.06.2018 do concelleiro de servizos sociais, referente a "2ª Proposta de resolución das axudas do programa "ENREDOS VERÁN 2018" para nenos/nenas do Concellos de Cangas, que di o seguinte:

*"2ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA 'ENREDOS DE VERÁN-2018', PARA NENOS/NENAS DO CONCELLO DE CANGAS*

*Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas.*

*Detectado un erro na valoración da solicitude de bonificación do programa 'Enredos de verán-2018', presentada por L.C.M. bases constan que se terán en conta os datos económicos do último exercicio fiscal (IRPF de 2016).*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa 'Enredos de verán-2018', que se realice a integración socio laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades

N.º REXISTRADO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME MENOR	OPCIÓN DO PROGRAMA	N.º SOLICITADOS	DÍAS	CUSTO ACTIVIDADES
E-RC-5613	C.V., L.	F.C.,N.	ACTIVIDADES + COMEDOR	NÁUTICO	+ 4	121,00 €
N.º SOLICITUDES PRESENTADAS PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN 2018		N.º MENORES	N.º SOLICITUDES CONCEDIDAS	26 NEN@S		100%
				3 NEN@S		85%
				5 NEN@S		50%
28		37	25	NEN@S BENEFICIARIOS DAS BECAS		34

**Expediente 3160/2018. Proposta do concelleiro de mocidade e voluntariado para aprobación do prezo público do Campamento de Verán en Rianxo**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 19.06.2018 do concelleiro de mocidade e voluntariado, referente a aprobación do prezo público do campamento de verán externo en Rianxo, que di o seguinte:

*"Andrés García Bastón, concelleiro de mocidade e voluntariado, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público correspondente ao campamento de verán externo do 13 ao 19 de agosto nunha instalación xuvenil en Rianxo.*

*O prezo de cada praza do campamento será de cento setenta euros (170,00 €).*

*PARTICIPANTES: 50 NENOS/NENAS DE 6 A 14 ANOS.*

*PERSOAL: 1 DIRECTOR, 4 MONITORES, 1 MONITOR PRÁCTICAS.*

*CATERING: dez euros (10 €/día).*

*ALOXAMENTO: dez euros con oitenta céntimos (10,80 €/día)".*



**Expediente 1640/2018. Proposta do concelleiro de mocidade e voluntariado para aprobación das bases do 1º Concurso de Cosplay do Salón de Cómico de Cangas**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 15.06.2018 de Andrés García Bastón, concelleiro de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, para a aprobación das bases do 1º Concurso de Cosplay do Salón de Cómico de Cangas, que é como segue:

1.- Organización e descrición do concurso

*A organización do Salón de Cómico e Ilustración de Cangas, convoca o 1º Concurso Pasarela Cosplay, consistente nun concurso de disfraces de temática relacionada co mundo das personaxes de cómic, manga e videoxogos.*

2.- Desenvolvemento do concurso

2.2.- Categorías:

*Establécense dúas categorías: individual e grupal.*

*Os participantes poderán inscribirse nunha ou en varias categorías coas limitacións que se exporán a continuación.*

2.2.- Inscripción e requisitos para a participación no concurso.

*Para a participación no concurso será imprescindible a previa inscrición na Casa da Xuventude antes do día 16 de xullo.*

*(Os participantes en grupo terán que pertencer á mesma temática, e cada grupo poderá estar formado por 2 e ata un máximo de 5 integrantes).*

*Poderán inscribirse ata 30 participantes nas categorías individual e grupal, por rigurosa orde de chegada, ademais de 10 prazas de reserva para suplir posibles baixas.*

*Un mesmo participante non pode competir co mesmo cosplay en dúas categorías diferentes.*

2.3.- Fases e desenvolvemento do concurso.

*O concurso celebrarase o 18 de xullo no Adro da Capela do Hospital ás 18.00 h.*

*O xurado fará un revisado de traxes antes do desfile.*

*En primeiro termo desfilarán os participantes de categoría individual e logo os de categoría grupal.*

*Os participantes desfilarán de un en un (ou en grupo) coa música proposta pola organización ou a que eles aporten previamente na inscrición.*



*Durante o desfile non deberá haber interacción co público de tipo ameazante ou provocador. Non poderán subir ao escenario ningunha persoa allea ao desfile que se estea a desenvolver en cada momento.*

#### 2.4.- Elección de finalistas e gañadores. Composición e criterios do xurado

*A elección tanto dos finalistas como dos gañadores será realizada polo xurado que estará presidido polo concelleiro delegado de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas e composto por persoas cualificadas neste campo artístico, 1 debuxante, 1 técnico de cultura, 1 técnica de mocidade e 1 fotógrafo de prensa. A secretaría será cuberta pola técnica responsable de xuventude. O concelleiro delegado de área será o encargado de nomear aos membros deste tribunal.*

*O xurado elixirá directamente aos gañadores das dúas categorías valorando:*

- \* Nivel de dificultade do cosplay.*
- \* Similitude do traxe e dos seus detalles en relación co personaxe.*
- \* A caracterización do personaxe.*
- \* Aceptación do público.*
- \* Materiais, calidade e acabado do vestiario.*
- \* Ambientación no caso da categoría especial.*

*Os disfraces deberán ser de fabricación caseira. Non están permitidos os disfraces prefabricados ou comprados. Os accesorios e partes prefabricadas poden ser utilizados para a confección do traxe. Ditos elementos prefabricados só poderán ser utilizados se foron modificados de xeito evidente polo participante.*

*O tempo máximo de actuación é 1 minuto por participante/s incluíndo o tempo de preparación, debendo deixar o escenario como o encontraron ao finalizar a súa presentación. Cada participante terá un número para a súa actuación, mantendo así unha orde correcta.*

*Atendéndose ao disposto no Real decreto 137/1993, sobre o Regulamento de armas, queda terminantemente prohibido que os participantes utilicen na súa actuación armas de lume, de metal e outros obxectos contundentes e/ou afiados ou as súas respectivas imitacións que polas súas características poidan inducir a confusión sobre a súa auténtica natureza. Está prohibido tamén o uso de elementos perigosos para a integridade física das persoas como material pirotécnico e inflamable. Só se permitirán imitacións de armas en plástico, cartón e outros materiais que non revistan perigosidade nin para os concursantes nin para o público asistente.*

*Tampouco se poderán utilizar aparellos conectados á rede eléctrica, xerador ou calquera outro tipo de conexión para producir efectos visuais, de son ou calquera outro tipo efecto especial.*

*A organización resérvase o dereito de cancelar ou cortar calquera actuación que poida conter imaxes ofensivas para ou cos asistentes.*

*O xurado valorará a orixinalidade, bo gusto, beleza e confección dos disfraces, así como a posta en escena dos concursantes no seu desfile. O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.*

#### 2.5.- Premios



- \* Mellor confección.....cen euros (100,00 €).
- \* Mellor show.....cen euros (100,00 €).
- \* Favorito do xurado.....cento cincuenta euros (150,00 €).

#### 4.- Cesión de dereitos de imaxe

A participación no concurso implica a cesión dos dereitos de imaxe para a utilización de vídeos e/ou fotografías nos distintos canais de comunicación do Salón do cómic, sen compensación económica ningunha. A participación no presente concurso leva implícita a autorización de publicar calquera dato, fotografía ou vídeo dos concursantes en calquera medio de difusión pública ou privada e, en particular, a autorización de publicar vídeos e o nome dos participantes.

#### 5.- Aceptación íntegra das bases

A participación no concurso supón a aceptación íntegra e automática das presentes bases, sen reserva ningunha e a submisión expresa das decisións interpretativas que destas efectúe a organización do Salón do cómic.

A organización do Salón do cómic resérvase o dereito de rexeitar a participación de calquera concursante que non cumpra coas bases de participación ou contraveña o espírito deste concurso, ademais de adoptar calquera iniciativa que, sen estar regulada nas presentes bases, contribúa a un maior éxito do concurso sen que poda formularse reclamación ningunha".

### **Expediente 53/2017. Dación de conta de Sentenza nº 189/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local queda informada da sentenza nº 189/2018 ditada pola Sección Segunda do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4030/2017, cos seguintes datos:

- A persoa recorrente: CONCELLO DE CANGAS.

- FALLO: que rexeitamos o recurso contencioso-administrativo presentado polo CONCELLO DE CANGAS contra o informe (negativo) de 15.11.2016 do MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN, verbo da aplicación da DT1ª da Lei 2/2013, os núcleos de Espiñeira, Menduña, Arneles, Areabrava, Francón, Liméns, Santa Marta de Darbo, Rodeira I e Rodeira II.

Non facemos declaración das custas.

Contra esta resolución teñen un recurso de casación perante a Sala Terceira do Tribunal Supremo e/ou a sala de casación do TSX Galicia.

\*\*\* Produciuse un voto particular na sentenza que conclúe que a decisión do recurso debía ser estimatoria, anulando a resolución recorrida, sen necesidade de entrar en criterios nin de consolidación nin de delimitación, por limitarse a discusión á negativa da administración estatal





Concello de Cangas

a emitir o informe que, como defende, debe ser previo, preceptivo e vinculante.

**Expediente 3284/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local de renuncia de posto de venda de peixe nº 2 do Mercado de Abastos Municipal (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.06.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de concesión de posto nº 2 de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

*"Por escrito con rexistro de entrada nº 5958 do 24.05.2018, M.C.G.P., DNI nº X, solicitou a baixa do posto de peixe nº 2 do Mercado Municipal de Abastos do que é titular.*

*Visto o disposto no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005), relativo ás causas de finalización da concesión que prevé como un dos supostos de extinción dos dereitos de ocupación dos postos a "renuncia do titular".*

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.*

*En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.C.G.P., DNI nº X, á concesión sobre o posto de peixe, nº 2 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular recordándolle que debe abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e concellería de desenvolvemento económico e emprego local, co fin de deixar constancia no expediente do posto e a súa comunicación ao conserxe da praza".*

**Expediente 3171/2018. Concesión de subvencións directas. Asociacións culturais (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 25.06.2018 do concelleiro de cultura, normalización lingüística, referente a concesión de subvencións directas a diversas

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



asociacións culturais, que é como segue:

*"Visto que con data 30.05.2018 foron aprobados os orzamentos municipais para o exercicio económico 2018.*

*Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrència competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*'c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública'.*

*Visto que constan no expediente os correspondentes documentos de retención de crédito emitidos por Intervención en data 21.06.2018.*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 330.48.01 do orzamento de gastos do Concello, e formalizalas no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, a:*

- Asociación Cultural Canjazz, para o desenvolvemento do 'Festival de Jazz de Cangas', a cantidade de cinco mil euros (5.000,00 €).*
- Asociación Cultural Morrazica, para o desenvolvemento do 'Kanekas Metal Fest', a cantidade de tres mil euros (3.000,00 €).*
- Asociación Cultural O Gato, para o desenvolvemento da 'Festa Folc de Vilariño', a cantidade de dous mil euros (2.000,00 €).*
- Asociación Cultural Xiria, para o desenvolvemento e potenciación do cine en Cangas, a cantidade de dous mil euros (2.000,00 €).*

*SEGUNDO.- Notificar aos interesados e requirirrlles para a sinatura do correspondente convenio".*

**Expediente 2684/2018. Solicitud de sinalización (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 04.06.2018 acordou denegar a solicitude de F.R.G., na que demanda sinal de pasaxe permanente e reserva de carga e descarga en Longán, nº 14-Coiro, de conformidade co informe emitido pola Policía Local en data 30.05.2018, que di:

*"No lugar obsérvase un portal de acceso a un garaxe no inmovible indicado. Mencionar que actualmente non ten acondicionado o acceso de vehículos no que se refire ao rebaixe de*



*beirarrúa. De acondicionar o rebaixe da beirarrúa para poder acceder con vehículos ao interior do inmovible, non se observaría inconveniente en acceder ao solicitado.*

*Non procede a reserva dun espazo para a carga e descarga de mercadorías fronte ao local".*

Visto que en data 07.06.2018 con número de rexistro [2018-E-RE-405](#), se presenta escrito pola arquitecta T.C.P., no que dá conta da realización da obra de rebaixe da beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a instalación de un sinal de pasaxe permanente en Longán, nº 14-Coiro.

Indícase que esta autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

SEGUNDO.- Denegar a reserva dun espazo para a carga e descarga de mercadorías fronte ao local, con base ao determinado no informe emitido pola Policía Local en data 30.05.2018.

**Expediente 1911/2018. Dación conta da resolución de aprobación de proxecto e solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra ao abeiro do PLAN DEPO RENSE-2018 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/A sentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da Resolución da Alcaldía de data 25.06.2018, de aprobación de proxecto e solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra ao abeiro do PLAN DEPO RENSE-2018, que é como segue:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Visto o disposto nas bases da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOPPO de 13 de abril de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras do Plan de remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais (PLAN DEPO-REMSE).*

*Presentado o proxecto elaborado ao abeiro das sinaladas bases orde, denominado 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', redactado polo arquitecto, D.G.C. e que ten por obxecto unha mobilidade amable e segura entre os centros urbanos de Cangas e Moaña.*

*De conformidade co artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local,*

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Aprobar o proxecto de investimento denominado 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', cun orzamento total de seiscentos mil euros (600.000,00 €). (Importe de execución material, beneficio industrial e gastos xerais, catrocentos noventa e cinco mil oitocentos sesenta e sete euros con*



Concello de Cangas

setenta e cinco céntimos (495.867,75 €) e cento catro mil cento trinta e dous euros con vinte e tres céntimos (104.132,23 €) de IVE).

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das bases publicadas no BOPPO de 13 de abril de 2018, que establecen as bases reguladoras do Plan de remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais (PLAN DEPO-REMSE), unha subvención por importe de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €), incluído o IVE, para a realización do proxecto de investimento denominado 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', a dúas anualidades segundo o seguinte desglose:

Importe total proxecto (incluído o IVE)	Importe solicitude subvención 2018 .64%	Importe aportación municipal 2018. 64%	Importe solicitude subvención 2019. 36%	Importe aportación municipal 2019. 36%
600.000,00	307.200,00 €	76.800,00 €	172.800,00 €	43.200,00 €

Terceiro.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención e asumir o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases de convocatoria e que está ao día coa Facenda do Estado da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Quinto.- Comprometerse a destinar o ben obxecto da subvención ao cumprimento do fin que motiva esta durante un período non inferior a cinco anos.

Sexto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850